

**Consideracións de ProLingua sobre o 3ª Informe do  
Consello de Europa na aplicación da Carta Europea das  
Linguas Rexionais ou Minoritarias**



En días pasados deuse a coñecer o 3º *Informe* do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre a aplicación en España da Carta Europea das Linguas, tratado internacional que España asinou e ratificou e que forma parte do bloque constitucional das leis españolas, isto é: que España se comprometeu publicamente a aplicar e cumprir. O texto normativo en principio era un paso positivo para as linguas non estatais, pero no estado español érao aínda moito máis para as linguas que non gozaban de estatus de cooficialidade ao lles ser de obrigada aplicación a Parte II da *Carta*.

Para as comunidades autónomas con Lei de Normalización esta *Carta* era un reforzo internacional porque nestes casos abondaba coa aplicación de cadansúa Lei de Normalización. Pasados 20 anos desde aquela, con este 3º *Informe* evidénciase que España non só non cumpriu senón que, aínda por riba, as vulneracións e retrocesos deste tratado van en aumento nalgúns territorios do estado, por exemplo en Galicia e nas comarcas estremeiras de fala galega, mentres que noutras partes nin sequera se chegou a difundir e aplicar esta lexislación europea.

O *Informe* propiamente dito consta dun milleiro de páxinas<sup>1</sup> e das recomendacións<sup>2</sup> do Consello de Europa verbo do idioma galego podemos sobrancear as seguintes ideas:

1) O Comité de Expertos felicita os gobernos catalán e vasco polo apoio e promoción dados ao catalán e ao vasco en todos os eidos sociais, maiormente o do ensino, pero non fai o mesmo co goberno galego, a quen lle reprocha “a redución gradual” do uso da lingua galega, sobre todo no ensino, na xustiza e nos medios de comunicación. Ao longo de todo o *Informe* son recorrentes e constantes as queixas dos expertos europeos pola falta de información ofrecida polas autoridades galegas, que gardan un calculado silencio para non ofrecer datos que poderían ser aínda moito máis negativos para o idioma e non recoñecer o vreiro de desprotección que emprenderon.

2) No eido do **ensino do galego** este *Informe* supón unha descualificación do Decreto 79/2010 do 20 de maio sobre o plurilingüismo na educación non universitaria por constatare a *redución progresiva do uso do galego en todos os niveis* e unha diminución da súa estrutura de apoio, o que vulnera numerosas sentenzas do Tribunal Constitucional que esixen que a introdución no ensino das linguas cooficiais sexa progresiva; ademais, os expertos europeos

---

1 [http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/PeriodicalReports/SpainPR3Part2\\_es.pdf](http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/PeriodicalReports/SpainPR3Part2_es.pdf), para o galego véxanse as páxinas 464-560.

2 [http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/Recommendations/SpainCMRec6\\_en.pdf](http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/Recommendations/SpainCMRec6_en.pdf)

constatan un incumprimento flagrante do teórico 50% de ensino en galego que prevé o devandito Decreto. O Consello de Europa pídelles á Xunta de Galicia un *número suficiente de escolas que ofrezan educación completamente ou esencialmente en lingua galega* para faceren posible a educación en galego en Infantil, Primaria, Secundaria e Educación Técnica. O *Informe* constata a eliminación das *Galescolas* e das liñas de ensino en lingua galega e lembra que a *Carta* obriga a que exista un modelo de ensino en galego, mandato que o goberno de Núñez Feijoo incumpre.

3) Nos eidos da **administración** e da **xustiza** tamén detecta este *Informe* un retroceso na implantación do galego, con moitas deficiencias non solucionadas polas autoridades e mesmo con evidentes retrocesos en formación e capacitación de persoal, programas informáticos que non permiten o uso da *lingua propia*, retrocesos na rotulación e nos formularios etc., o que en moitos casos disuade do uso da lingua galega, polo que o Consello de Europa insta as autoridades a acometeren unha verdadeira protección e promoción do idioma galego na administración e na xustiza.

4) Na **vida pública** o Consello de Europa constata unha redución no emprego do galego por parte das institucións galegas e a relaxación (perigosa para o idioma) na esixencia real do coñecemento da lingua para o acceso á función pública. Como consecuencia disto, tamén fai fincapé na escasa proporción de funcionarios con dominio do idioma galego, o que imposibilita que os administrados poidan ser atendidos no idioma propio.

5) Canto aos **medios de comunicación** o *Informe* di que Galicia non cumpriu cos obxectivos asinados, pois as emisoras e xornais privados apenas chegan a emitir/publicar o 10% en galego. Os expertos europeos amosan tamén a súa preocupación por este desenvolvemento negativo ante o peche de numerosos medios monolingües en galego ou bilingües e a falta de axudas oficiais para estes, que contrasta coas que obteñen os medios en castelán.

6) Denuncia o Consello de Europa as dificultades que existen na práctica para facer vida normal en galego no **mundo laboral**, na **sanidade** e no **eido asistencial**, campos onde os usuarios da lingua galega se ven disuadidos para empregaren a súa lingua.

7) No que atinxe ao **galego asturiano** o *Informe* recolle informacións que non se axustan á realidade fornecidas polo goberno de Asturias e a Academia de la Llingua Asturiana, ao tempo que lamenta a falta de noticias e datos oficiais en moitos eidos, de maneira que o Consello non pode determinar se se toman accións no eido educativo ou administrativo, pois as teóricas accións emprendidas non aparecen por ningures. Infórmase de subvencións a accións a

favor do galego de Asturias pero ocúltanse ou maquíllanse unha chea de datos negativos. A negación oficial da galeguidade lingüística da comarca do Eo-Navia e o desleixo na normalización da lingua propia da comarca fan que a situación do galego en Asturias estea nun acelerado proceso de substitución lingüística".

Verbo do 2º Informe<sup>3</sup> do Comité de Expertos, no parágrafo 94 describíase a situación do galego de Asturias deste xeito: "Con todo, durante a súa visita *in situ* algunhas fontes non gobernamentais salientaron que, na práctica, esta lingua a penas se valora e nalgúns ocasións *négase a súa especificidade comparada co asturiano*. Malia que as autoridades competentes se comprometen en principio a promover esta lingua, cómpre redobrar os esforzos para promover a identidade específica do galego en Asturias". Pola información con que hoxe conta ProLingua, a situación que os expertos describían no 2º Informe non só se mantén, senón que tende a empeorar; e ademais, nalgún dos concellos galegófonos de Asturias o que se ensina nalgún centro é asturiano, e non galego, como ocorre no lugar de Luíña (Ibias).

Para o ámbito educativo ProLingua ten informacións fiables que indican que a situación escolar do galego en Asturias non mellorou verbo dos parágrafos 112 e 151 das recomendacións do 2º Informe citado. Cada vez hai menos clases do oficialmente denominado "galego-asturiano", porque se ofrece como materia optativa alternativa a informática e outras, non existen libros de texto nin dicionarios e o seu descrédito vai en aumento.

8) No caso do galego do Bierzo, fóra do convenio para a súa introdución no ensino entre Junta de Castela e León e a Xunta de Galicia, de 2002 e renovado en 2010, acción permanentemente torpedeada polas autoridades educativas castelás, e a pesar do cal permite que un milleiro de escolares bercianos poidan estudar unha materia en galego, recoñécese que non houbo ningún avance significativo por falta de información e non se dá ningunha nova do idioma en medios, administración, cultura, xustiza etc., onde a situación do galego berciano é de ocultación e minorización social absoluta.

9) Polo que respecta ao galego de Estremadura nótase que as autoridades deron noticias que non se axustan ao momento actual, porque informan de accións de hai dez ou quince anos levadas a cabo por iniciativa de asociacións cívicas ou concellos. Fóra destas accións, apenas se favoreceu o coñecemento e/ou a promoción desta variedade e o silencio é a única resposta oficial aos

---

3 [http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/PeriodicalReports/SpainPR2\\_en.pdf](http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/PeriodicalReports/SpainPR2_en.pdf) (Informe completo) e [http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/Recommendations/SpainCMRec2\\_en.pdf](http://www.coe.int/t/dg4/education/minlang/Report/Recommendations/SpainCMRec2_en.pdf) (recomendacións).

requirimentos do Comité de Expertos do Consello de Europa. A denominada "Fala" ou galego estremeño non recibe ningunha atención escolar e a súa presenza é nula en eidos como a administración, a sanidade, a asistencia social e a xustiza.

10) En xeral, verbo do galego extramurado, dedúcese neste 3º *Informe* unha moito menor implicación e compromiso das actuais autoridades galegas, explicable se se ten en conta o camiño de retrocesos emprendido co propio galego en Galicia, e unha maior pegada no *Informe* das imprecisións, silencios delatores e terxiversacións dos gobernos autonómicos, principalmente o asturiano e o estremeño, e unha menor atención e consideración ás probas e datos fornecidos por asociacións cívicas ou institucións como ProLingua ou a RAG que no seu día proporcionaron abonda e actualizada información do que acontece nestas comarcas exteriores.

11) Por todo isto, e téndomos en conta que este 3º *Informe* do Consello de Europa foi "rebaixado de intensidade" nas súas conclusións no momento da súa aprobación polo Consello de Ministros, seméllannos moi relevantes as advertencias e recomendacións que lle fai este *Informe* ao goberno galego e que supoñen, na práctica, **a condena e rexeitamento do Decreto de Plurilingüismo**, por canto constitúe unha clara regresión na protección e reforzamento do idioma galego en Galicia, e unha seria advertencia ao goberno do PP acerca dos graves incumprimentos que está a cometer da aplicación da *Carta Europea das Linguas* en materias de funcionariado, administración, xustiza, medios de comunicación, sanidade, mundo laboral, eido asistencial etc.

A difusión deste *Informe* debería levar as autoridades galegas a reflexionaren sobre o camiño de glotocidio emprendido irresponsablemente nos últimos catro anos e rectificaren no sentido do xa feito en Cataluña e Euskadi, comunidades felicitadas polo Consello de Europa e postas como modelos de protección de cadanseus idiomas naturais.

O goberno do PP debe revogar o Decreto de Plurilingüismo e elaborar outro novo consensuadamente, un novo Decreto que abrangana e garanta unha liña de ensino en galego como lle pide Europa.

O goberno do PP debe apoiar os medios en galego e facer cumprir o compromiso do mínimo 50% de emisión en galego ás emisoras concedidas.

O goberno do PP debe esixir de verdade un coñecemento digno oral e escrito do galego aos funcionarios da administración, da xustiza e do

ensino, á vez que debe acabar coas discriminacións do galego nos eidos laboral, sanitario e asistencial.

O goberno do PP debe cumprir coa Lei de Normalización Lingüística e co Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, textos aprobados por unanimidade polo Parlamento Galego.

O goberno do PP, en suma, debería ter ben presente que a lingua galega nunca foi un problema e que debe evitarse toda controversia partidaria, porque a o galego é un patrimonio de todos, mesmo dos que non o falan.

Por todo isto, ProLingua insta o goberno galego a corrixir urxentemente as deficiencias e incumprimentos que se recollen neste *3º Informe* e a traballar para potenciar e normalizar en todos os ámbitos a lingua propia: ensino, xustiza, administración, medios, sanidade, asistencia social, traballo etc., tanto en Galicia como nas comunidades estremeiras.

ProLingua sempre combaterá as mentiras con datos e loitará coa verdade polos dereitos dos falantes da lingua galega nos territorios onde é a lingua propia e natural e, no rego do exposto polo Consello de Europa, como primeira e urxente medida, ProLingua esixe a retirada do Decreto de Plurilingüismo que, como demostra este *Informe*, só serviu para que o galego recuase moi perigosamente no eido educativo.

8 de novembro de 2012

[ProLingua](#)

